

**RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS 2021/22**

Dña. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Presidenta da Mancomunidad do Salnés, dita a seguinte Resolución:

Ao abeiro da resolución da concesión da subvención á Mancomunidad do Salnés, a través da orde do 7 de xullo de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento TR332A),

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 5 dos Estatutos da Mancomunidad, RESOLVE:

1º.- Iniciar o proceso de selección para a provisión dos postos de orientador/a laboral - coordinador/a, de orientador/a laboral e de prospector/a laboral para o Programa Integrado de Emprego da Mancomunidad do Salnés 2021/22

2º.- Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso de méritos, dun posto de orientador/a laboral - coordinador/a, dun posto de orientador/a laboral e dun posto de prospector/a laboral

3º.- As ocupacións a ofertar son:

- 1 posto de orientador/a laboral - coordinador/a, con carácter de laboral temporal a xornada completa, mediante contrato de obra ou servizo determinado.
- 1 posto de orientador/a laboral, con carácter de laboral temporal a xornada completa, mediante contrato de obra ou servizo determinado.
- 1 posto de prospector/a laboral, con carácter de laboral temporal a xornada completa, mediante contrato de obra ou servizo determinado.

4º.- Publicar a convocatoria deste posto mediante anuncio nun diario da provincia, á fin de que no prazo 5 días naturais, presenten solicitude os/as interesados/as.

Mándao e asíno a Presidenta, do que eu, como Secretaria, dou fe. En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,  
Marta Giráldez Barral

A SECRETARIA,  
Mª del Carmen Merino Moína